

## GONDOMAR

### A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal deste Concello, na sesión ordinaria celebrada con data 16 de marzo de 2007, acordou, rexeitadas as alegacións formuladas durante o prazo de información pública, aprobar definitivamente a Ordenanza Regula-dora do Estacionamento Limitado e Gratuito (Zona Azul). O que se fai público en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 02/04, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), publicándose como anexo o texto íntegro do mesmo, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da devandita LBRL.

#### *A n e x o*

Artigo 1.º.—Dacordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, das disposicións contidas no Real Decreto Lexislativo 339/90 de 2 de marzo, que aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, do Real Decreto 1398/93 de 4 de agosto que aproba o Regulamento do Procedemento do Exercizo da Potestade Sancionadora e da Lei 5/97 de 24 de marzo, da Reforma do Texto Articulado da Lei 339/90, díctase a presente ordenanza que ten por obxeto regular o estacionamento limitado-gratuito co fin de garantir a rotación de vehículos nas rúas considera-das como zona azul.

Artigo 2.º.—Considerando que a ocupación de vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido en virtude das facultades que se lle recoñecen ao Concello no artigo 25 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 7 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de Motor e Seguridade Vial, créase o “Servizo de Zona Azul”, que pretende acadar o acceso igualitario e limitado de tódolos conductores/as ao aparcamento nas zonas onde consideramos éste é especialmente deficitario.

Artigo 3.º.—Os estacionamentos regulados e con horario limitado gratuito, que existirán naquelas rúas habilitadas e sinalizadas para iso, e que se de-terminarán por medio da Alcaldía e que en todo caso deberán coexistir coas de libre utilización, someteranse as seguintes obrigas:

1) O estacionamento efectuarase mediante disco comprobante que indicará a hora en que efectuou o estacionamento.

2) O conductor/a do vehículo esta obrigado a colocar o disco horario nun lugar da parte interior do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade dende o exterior.

3) O período máximo de permanencia dun vehículo na zona azul será dunha hora e media.

4) Unha ve concluído o tempo máximo de utilización o vehículo deberá abandonar o estacionamento e non poderá votar a estacionalo na mesma rúa ata transcurridas dúas horas.

5) Despois de sinalar a hora de chegada do disco horario, non se poderá variar ata que o vehículo abandone o estacionamento en zona azul.

Artigo 4.º.—Constituirán infracción desta modalidade de estacionamento as seguintes:

4-1.—A falta de disco comprobante do horario.

4-2.—Sobrepasar o límite horario indicado no comprobante.

4-3.—Modificar a hora de chegada despois do estacionamento.

4-4.—Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcurridas dúas horas, contadas dende a hora de chegada.

4-5.—Ocupar dúas prazas de aparcamento ou no axustarse ó espacio marcado para o vehículo.

Artigo 5.º.—Sen perxuízo da denuncia correspondente, o Concello poderá adoptar, no supostos de infracción previstos no artigo 4.º, as medidas cautelares dentro do disposto na norma de aplicación:

5-1.—A inmovilización do vehículo e a retirada do mesmo da vía pública e o seu traslado

ao depósito municipal.

5-2.—O axente encargado de vixilancia en zona azul poderá requirir o servizo do guindastre municipal ou, se é o caso, do privado, para retirar-lo vehículo que incumpra ás normas da presente ordenanza.

Artigo 6º.—Horario e datas de estacionamento:

O horario de limitación comprenderá de 09,00 a 13,30 horas, agás os domingos e festivos que non haberá limitación.

#### MAÑÁ

Horario de chegada	Hora de saída
Antes das 09,00 horas	10,00 horas
Entre 09,00 e 09,30	10,30
Entre 09,30 e 10,00	11,00
Entre 10,00 e 10,30	11,30
Entre 10,30 e 11,00	12,00
Entre 11,00 e 11,30	12,30
Entre 11,30 e 12,00	13,00
Entre 12,00 e 12,30	13,30

#### TARDE

Hora de chegada	Hora de saída
Antes das 16 hora	17,00
Entre as 16,00 e as 16,30	17,30
Entre as 16,30 e as 17,00	18,00
Entre as 17,00 e as 17,30	18,30

Artigo 7º.—Están exentos das limitacións de estacionamento de Zona Azul os vehículos seguintes:

7-1.—Vehículos oficiais de policía, bombeiros, protección civil, ambulancias e vehículos sanitarios e servizo de urxencias en xeral.

7-2.—Aqueles vehículos que teñan licenza municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o texto íntegro e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### *Anexo I*

#### DISCO DE CONTROL

O disco de control consiste nunha pequena roda de 11x11 cm., os materiais empregados poden ser o aluminio, plástico ou cartulina. Poderá realizarse en varios cores. O disco terá dúas ventás. Na ventá esquerda debera figurar a hora de chegada que fixará o conductor ao xirar o disco, e na ventá dereita terá que verse a hora límite a que ten que abandonar o lugar, daccordo coa franxa horaria que se establece na presente ordenanza.

En Gondomar, a 20 de marzo de 2007.—O Alcalde-Presidente, Carlos Silva Mariño.